

II SEMINARIO DE EDUCACIONES EN PRISIÓN.

“Sinexías de acción educativa”

SEMINARIO
ONLINE

30 SET
1, 7 E 8 OUT

2020



Organiza e financia:



Financia e colabora



Presentación

Continuando o Plan de Animación Sociocultural (www.ascprison.es) que se ven desenvolvendo desde 2012 no Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo), coordinado dese a Asociación Aliad Ultraia e o Grupo de investigación SEPA-interea da Universidade de Santiago de Compostela, organízase o II Seminario de Educacións en Prisión. Nesta ocasión focalízase o encontro na potenciación de sinerxías no desenvolvemento de procesos educativos favorecedores da reinserción social da poboación reclusa.

O escenario xeral non amosa evidencias satisfactorias da capacidade re-educativa dos centros penitenciarios, sendo escasa a participación das persoas presas en procesos regulados que permitan obter as competencias e acreditacións imprescindibles para arroupar as, xa de por si minguadas, posibilidades de reinserción laboral e social. Sen embargo o sistema educativo escolar ofrece unha variada gama de oportunidades tanto para reiniciar procesos de formación, como para acreditar competencias adquiridas por outras vías que avancen na consecución das certificacións básicas requiridas para continuar formándose e/ou acceder ao mercado laboral.

Por outra parte, é imprescindible a acción socioeducativa desenvolvida por diversas entidades nas prisións na adquisición, reforzo e mellora de condicións persoais e sociais nas que se asentan os procesos de reinserción. As experiencias presentadas no anterior Seminario evidenciaron como as entidades externas sosteñen gran parte do traballo educativo nas prisións, en ámbitos como o desenvolvemento persoal, a inclusión social e laboral, o traballo terapéutico, a educación para a saúde, e o acceso ao ocio, cultura e participación social, entre outros. As sinerxías entre ambos procesos educativos, escolares e sociocomunitarios, son indispensables

na motivación e fortalecemento da decisión persoal de aprender, e no establecemento de canles, recursos e condicións que adapten as estratexias existentes ao escenario do cárcere e que reforcen e melloren a capacitación para a inserción/reinserción dos reclusos na sociedade.

Por isto parece de interese impulsar unha proposta formativa que permita reflexionar e compartir propostas que axuden a definir ou redefinir estratexias de acción educativa que ofrecer ao colectivo recluso, así como de motivación para a participación.

Obxectivos

Neste II Seminario incidimos nos obxectivos primordiais do I Seminario arredor da reivindicación do valor máximo da educación para a inserción, así como do recoñecemento das entidades que desenvolven o seu traballo nas prisións galegas e a necesidade de consolidar unha rede que as fortaleza.

Atende ao obxectivo xeral de favorecer sinerxías entre os procesos e estratexias educativas en contextos escolares e sociocomunitarios que reforcen e melloren a capacitación para a inserción/reinserción social das persoas presas. Concrétase nos seguintes:

- Afondar e reivindicar a responsabilidade (re)educadora para a reinserción social que a lexislación atribúe aos centros penitenciarios.
- Analizar e valorar os recursos, proxectos e estratexias formativas (escolares e sociocomunitarias) que se desenvolven nas prisións para capacitar ás/aos reclusos nos procesos de inserción/reinserción social.
- Favorecer sinerxías entre as propostas formativas desenvolvidas nos centros penitenciarios de Galicia, para incrementar os recursos a disposición da poboación reclusa e a motivación para participar.

- Crear unha rede de traballo entre as entidades que dinamice e consolide o traballo educativo nas prisións galegas, o seu recoñecemento e a mellora das condicións en que se desenvolve.

Datas e horario

O seminario consta de 4 sesións online de 2 horas de duración por sesión que se desenvolverán nas seguintes datas:

- **Mércores 30 de setembro / xoves 1 de outubro / mércores 7 e xoves 8 de outubro**
- Horario: de 17.00 a 19.00h. cada sesión
- A través da plataforma *Teams*

Programación

Mércores 30/09/2020

- Inauguración
- Relatorio: **Educacións en prisión para a reinserción? Posibilidades e dificultades.**
– Prof.ª Fanny Añaños Bedriñana. Universidade de Granada

Xoves 1/10/2020

- Relatorio: **Recursos, proxectos e estratexias formativas nas prisións.**
– Prof.ª M. Del Mar García Vita. Universidade de Almería

Mércores 7/10/2020

- Relatorio: **Recursos, proxectos e estratexias formativas nas prisións galegas.**
– Equipo ALIAD-Ultraia / SEPA-interea
Universidade de Santiago de Compostela

Xoves 8/10/2020

- Relatorio (17:00 a 18:30h.): **O traballo colaborativo de equipos na creación e articulación de sinerxías.**
- Obradoiro (18:30 a 20:00h.): **A toma de decisión grupal**
– Prof. Dámaso Rodríguez Fernández.
Universidade de Santiago de Compostela
- Peche

Destinatarias/os

A actividade dirixese a profesionais dos centros penais galegos (directivas, persoal de tratamento, e persoal de interior); profesorado dos centros EPA; profesionais e voluntariado das entidades externas.

Preinscrición

O Seminario é gratuito, sendo preciso realizar a preinscrición a través do formulario online. O formulario permite a preinscrición individual ou grupal, para facilitar que os centros penais e entidades externas inscriban ás/aos seus participantes de forma conxunta.

O período de preinscrición finaliza o día 21 de setembro de 2020.

Formulario online:

<https://forms.gle/pUXcuNQ8wbWHzCkd9>

Comité organizador

María Barba Núñez (Aliad-Ultraia)
M. Carmen Morán de Castro (SEPA-interea. Universidade de Santiago de Compostela)
Germán Vargas Callejas (SEPA-interea. Universidade de Santiago de Compostela)
Alejandro Pérez Diez (SEPA-interea. Universidade de Santiago de Compostela)
David Neira Caridad (SEPA-interea. Universidade de Santiago de Compostela)

Organiza e financia:



Financia e colabora

